

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE PROMOVE ESTA SEMANA UNHA NOVA CAMPAÑA DE DOAZÓN NO GRUPO NAVANTIA

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) e os estaleiros Navantia promoven a doazón de sangue a longo da presente semana nas instalacións da empresa.

Unha unidade móbil esta estacionada desde onte martes ata hoxe mércores diante do aparcadoiro da oficina técnica da compañía de 9:30 a 14:30h para facilitar a asistencia de todos os traballadores que queiran participar na doazón. O xoves, co mesmo horario, a unidade móbil estará diante dos servizos médicos da empresa.

ADOS ten visitado as instalacións do Grupo Navantia máis de 50 ocasións desde 1994, acadando dende esa primeira visita, 1028 doazóns de sangue procedentes da solidariedade dos seus traballadores e traballadoras.

ADOS quere amosar o seu agradecemento á dirección de Navantia polo seu constante compromiso coas campañas de doazón desenvolvidas pola Axencia, así como a todos os profesionais que participan neste acto solidario.